[Conmemoracións na Biblioteca]

[Ano da física]

Hai cen anos, Einstein sentou as bases da Teoría da Relatividade.
Abriuse un camiño infindo para a Ciencia, pero tamén para a imaxinación de artistas, novelistas e cineastas. Unha pequena exposición de materiais que nos axudan e entender un mundo no que cambiaron as relacións de Espazo/tempo.

O FINAL

O profesor Jones traballara na teoría do tempo ao longo de moitos anos.
-Atopei a ecuación clave –díxolle un bo día á filla- O tempo é un campo. A máquina que fabriquei pode manipular, ou mesmo inverter, dito campo.
Premendo un botón mentres falaba dixo: Isto fará retroceder o tempo o retroceder fará isto –dixo, falaba mentres botón un premendo.
-Campo dito, inverter mesmo e, manipular pode fabriquei que máquina a. Campo un é tempo o. –Filla á día bo un dixo-. Clave ecuación a atopei.
anos moitos de longo ao tempo do teoría na traballara Jones profesor O.

FINAL O

Fredric Brown

[Merlín e Familia] "O señor Merlín, asegún se sabe polas historias era fillo de solteira e de nación allea, e veu herdado para Miranda por unha tía segunda de parte de nai; pero había disto tanto tempo que ninguén se lembraba do feito. Só unha vella camareira de Quintás facía algo de memoria... "

Van alá cincuenta desde que Cunqueiro publicou unha das máis fascinantes obras da nosa literatura. ¿Como non lle render homenaxe? Libros, vídeos, debuxos... sobre Merlín, Cunqueiro, Fausto Isorna e demais familia...

Sabías que un cráter da Lúa leva o mesmo nome que o noso instituto?
Imaxinas o que faría D. Ramón para merecelo?

Podes empezar por
Fraga Vázquez, X. A. & Domínguez, A., Coords: ***Diccionario histórico das ciencias e das técnicas de Galicia. Autores, 1869-1936.*** *Do Castro, 1993*

5/6 (038)
DIC

www.usc.es/astro/allergall.htm

HAI CATRO TIPOS DE LECTORES:
Os esponxas, que absorben todo o que len e devólveno máis ou menos no mesmo estado, aínda que un pouco sucio.
Os vasos de area, que non reteñen nada e confórmanse con atravesar un libro polo gusto de atravesar o tempo.
Os sacos de esparto (especie de peneiras), que simplemente reteñen a escoura do que len.
Os diamantes, raros e valiosos, que sacan proveito do que len e permiten que con iso tamén se beneficien outros.

Coleridge

O libro que me atopou

Poe: ese veleno xuvenil sen antídoto posíbel

Hai moitos moitos anos, nun reino moi afastado chamado Laliniput, cando aínda ninguén soñaba con ordenadores nin con teléfonos móbiles, un mozo tímido e apoucado descubría que as sensacións máis intensas do universo residían nun fermoso exemplar da colección *Tus Libros,* titulado ***El escarabajo de oro y otros cuentos***, de Edgar Allan Poe (1809-1849). Era aquel un reino algo cativo, onde, por desgraza, as traducións de clásicos da literatura universal á lingua galega resultaban aínda moi escasas.
Aquel mozo , por trescentas cincuenta pesetas, descubriu, de súpeto, unha maxia peculiar, un modo de narrar historias que envolvía a percepción do lector nunha rede de araña, nun calidoscopio de sensacións que xiraban en torno ao enigma máis recóndito entre todos os enigmas posíbeis: **a mente humana**, coa súa carga de obsesións e misterios, de razón e loucura, de intelixencia e delirio.
Logo de ler a Poe, de mergullarse a fondo nos relatos breves de Poe, nunca nada volveu ser igual; Poe foi para el (e coido que segue a selo) o primeiro mestre do conto literario, un hábil narrador formalista que modernizou a tradición gótica e romántica dos relatos de terror, detallando a vivencia do Medo desde a perspectiva psicolóxica do personaxe que a padece, desde a escuridade das covas máis profundas da súa conciencia, construíndo atmosferas opresivas co detallismo máis minucioso e terríbel. E só co poder imaxinativo que garda a Palabra: esa chave invisíbel que abre infinitos mundos virtuais.
Coa axuda de Poe, aquel mozo foi madurecendo, volvéndose adulto; a través de Poe, descubriu facetas ocultas da complexa personalidade humana: non só os abismos do terror, senón, ante todo, os mecanismos da obsesión e da enfermidade, da perversión e da morte, da crueldade e da paixón; ademais, a través de Poe, aquel adolescente comezou a camiñar pola apaixonante senda do relato detectivesco, baseado na lóxica racional e na intelixencia analítica dos seus personaxes protagonistas, sobre todo de Auguste Dupin, ilustre predecesor literario de detectives tan famosos como Sherlock Holmes.
Pasaron xa moitos anos desde o fulgor da primeira e intensa lectura do libro ; logo de Poe, irían aparecendo, co pracer de moitas horas de lectura, outros mestres do relato breve: : Jack London, Horacio Quiroga, Julio Cortázar, Rafael Dieste... Mais sempre, e xa de por vida, o mozo de Laliniput garda no corazón aquela intensidade **Poé**tica dun autor que se fixo universal, a pesar dos tráxicos acontecementos que definen a súa biografía (outro *relato* capaz de impresionar a calquera persoa que estea posuída polo verme da curiosidade).
Nada máis: só dicirvos que probedes a ler a Poe, ese veleno sen antídoto posíbel.

Carlos Negro.

Carlos Negro na Biblioteca: ***As laranxas de Alí Babá***. Letras da Cal, 1998
Far-west. Xerais, 2001
Héleris. Espiral Maior, 2003

Podes buscar a Carlos en **www.bvg.udc.es**

Os libros son as abellas que levan o pole dunha intelixencia a outra [James Rusell

A marela tarabela

Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"

Nº 1

Xaneiro-06

É o cuarto dos ratos? É o templo dunha seita? Non, só é a Biblioteca...

Só é a Biblioteca, un espazo para atopar e atoparse. Así de simple. Na biblioteca, buscas o que queres ou o que non sabes. Na biblioteca, buscas e aprendes a buscar. Buscas ou déixaste atopar.
Son centos, miles, millóns de persoas, as que contan o mesmo: empezas buscando (libros, películas, discos...) e vas aprendendo a atopalos. Cada busca realizada con éxito convértese nunha pequena festa íntima. Con todo, o acontecemento, o grande acontecemento, aínda está por chegar. Un día, sen saberes cómo, non atopas o que estiveches buscando. É o libro (ou a película, ou o disco...) quen dá contigo. Ti non sabías del, pero el sabía de ti. A partir da aí xa serás outra persoa, unha persoa diferente e mellor, porque, a partir de aí, xa terás un compañeiro, un amigo –se cadra- que raramente te abandonará. Será un amigo que che presentará outros amigos, e amigos que chamarán por outros, e outros, e outros..., amigos nada celosos que desexarán que os compartas e que quererás compartir.
É probable que na nosa biblioteca estea ese amigo e, se tes sorte, ese que te busca a ti. Busca e déixate encontrar. Hai 13.000 títulos (máis de 15.000, se contamos as obras en formato dixital, centos de miles se sabes peneirar na Internet) e algún pode ser o teu.
Para axudarte e para que nos axudes, ideamos este boletín. A través del podes dialogar coa Biblioteca, podes aproximala a quen non a coñece, podes facela máis rica, máis práctica, máis confortábel. Ven vindo.

un sitio para:
ler (máis de 12.000 libros)
oír (300 CD's e casetes)
ver (500 vídeos e DVD's)
navegar (6 PC's)
informarte
documentarte

Contido

La cuerda floja de Lygia Bojunga

Obras completas. de Castelao

Eragon de Chistopher Passolini

El rey invisible de Rosa Montero

A paixón segundo San Mateu de Bach

Novo material de Educación sexual

Celebracións e Ciberpoetry

Magazine race!

Xogos e convocatorias

Obradoiro de Conta Contos

Cando Carlos Negro atopou a Poe

La cuerda floja de Lygia Bojunga Nunes

[Brais Díaz Mazás]

[Xuvenil]

Esta novela, que é breve (só 134 páxinas) cóntanos a historia dunha nena obsesionada cunha atracción do circo: a corda frouxa (por iso se titula así). María perde aos pais nun accidente e vese obrigada a ir vivir cuns amigos moi especiais deles: a xente dun circo ambulante. A muller barbuda e o tragalume serán os que a acollan en primeiro lugar. Durante o tempo que pasan xuntos a María nácelle a súa afección pola corda frouxa. Pero cando estes marchan co circo a outra parte, María ten que ir a vivir coa súa avoa e co seu primo Quique. A avoa tena moi consentida e nunha das súas aventuras coñece dous traballadores dunha obra: Marcia e Marcelo, dos que se fai moi amiga porque tamén lles gusta traballar na corda frouxa . María afecciónase a entrar en casas baleiras e a pintar nas paredes dos seus cuartos imaxes do que querería ser de maior.

A novela está ben: chama a atención polo madura que parece ser a nena, aínda que en ocasión pode parecer un pouco fantasiosa de máis, porque non é fácil crer que unha nena poida ter esas afecciónes tan raras que ten e esa liberdade tan grande que lle deixan.

Lygia Bojunga Nunes, ***La cuerda floja***, Alfaguara, Madrid, 1988.
Título orixinal: **A corda bamba**

Gústache o mundo do Circo e non sabes que é a **corda bamba?** Mírao en **www.facom.ufba.br/cordabamba/** A foto baixámola dese sitio

Obras completas de Daniel A. Castelao

[Daniel Blanco Moa]

[Clásico]

Afonso Daniel Rodríguez Castelao foi un dos galegos máis destacados do século pasado, tanto na literatura como na pintura e na política. A súa obra literaria narrativa non é moi extensa, pero si é de gran calidade. A súa primeira narración é "***Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto***". Nela, cóntanos a historia dun esqueleto nun cemiterio, con boas doses de humor satírico e denuncia social (o antigaleguismo, o caciquismo...). Recoméndovos a súa lectura para pasardes un anaco ameno. Unha obra moi célebre é "***Cousas***", un conxunto de breves relatos que nos amosan a sociedade de comezos do século XX. Castelao céntrase sobre todo nos máis desfavorecidos. Tamén é unha obra amena e entretida.

Na súa única novela, ***"Os dous de sempre"***, cóntase a historia de dous personaxes opostos: Pedriño (lacazán, lambón) e Rañolas (agudo, activo, pero eivado). Quizais se faga un pouco longa para o que é habitual na narrativa de Castelao, mais non por iso é menos interesante. Con tons autobiográficos publicou "***Retrincos***", cinco contiños que abarcan diferentes etapas da súa vida. Tamén escribiu unha obra de teatro, "***Os vellos non deben de namorarse***", sobre o amor na vellez, con abundante humor e cunha ensinanza final.

Xa pasaches por **www.museocastelao.org** ?

Eragón de Christopher Pasolini

[por Daniel F. D.]

[Mundos fantásticos]

Eragon, un mozo de 15 anos, atopa unha misteriosa pedra preciosa que resulta ser un ovo. Del sae unha linda dragoa, Saphira.

A partir dese momento comeza unha grande aventura chea de loitas e con moita acción. Xunto co seu amigo, Eragon aprenderá a loitar, adestrando moi duro, para así acabar co malvado inimigo que matara a seu pai.

Pero, neste libro, tamén se combina o cariño que sente Eragon cara a Saphira. Ambos confíanse os seus sentimentos, dubidas, problemas...

A Eragon xórdenlle moitas misións, e unha delas, na que pon en xogo a vida, é levar ata o seu fogar a unha fermosa elfa

***Paolini,* Christopher.** *: Eragon.* Roca Editorial

Cada 7 anos os galos poñen un ovo que pode ser branco ou negro. Dependendo da cor, nacerá unha cousa ou outra. ¿Sabes o que pode nacer? A resposta en **39(038)-CUB-dic**

Ler:

EINSTEIN, Albert: **La teoría de la relatividad**. Altaya, 1993
EINSTEIN, Albert: **La evolución de la física**. Salvat, 1993.
HOWKING, Stephen: **Brevísima historia del tiempo**
PÉREZ MERCADER, J.: **¿Qué sabemos del universo?: De antes del bing-bang al origen de la vida.**

Literatura con (sobre) viaxes no tempo

WELLS, H. G.: **La máquina del tiempo**. Anaya, 1995.
ROWLING, J.K.: **Harry Potter y el prisionero de Azkaban**. Salamandra, 2000
VV. AA.: **Cronopaisajes:[historias de viajes en el tiempo]**. Ediciones:B, 2004

Ver:

La máquina del tiempo [3 DVD] BBC , 2005.
El espacio [3 DVD] BBC Worldwide, 2004.

Navegar:

http://einstein.atomo.info/
http://www.einstein.unican.es/

Ler:

CUNQUEIRO, Álvaro: **Obra completa en galego**. Galaxia. 4 v.
CUNQUEIRO, Álvaro e ISORNA, Fausto: **Millor que dicila fora pintala: 50 anos con Merlín e familia 1955-2005**. Galaxia, 2005

Infórmate sobre Merlín e o Rei Arturo

RUBIO TOVAR, J.: **La narrativa medieval. Los orígenes de la novela**. Anaya, 1990
ALVAR, C.: **Breve diccionario artúrico**. Alianza, 1997.
GUTIÉRREZ, S.: **Merlín e a súa historia**. Xerais,

Literatura galega do XX coa Materia de Bretaña

CABANILLAS, R.: **Na noite estrelecida**. Xerais, 1988
MÉNDEZ FERRÍN, X. Luís: **Amor de Artur**. Xerais,
CABANA, Darío X.: **Galván en Saor**. Xerais, 1989.

Materia de Bretaña no século XX

STEINBECK, John: **Los hechos del rey Arturo y sus nobles caballeros** :Edhasa, 1994
BRADLEY, M. Z.: **Las nieblas de Avalon**. Emecé,
WHITHE, T. H.: Camelot. Plaza & Janés, 2002

Ver:

Gravación da adaptación que o CDG fixo de: Si o vello Sinbad volvese ás illas.

A mellor película sobre a Materia.

BOORMAN, John : **Excalibur**,1982

Escoitar:

A banda sonora da película de John Boorman, na que se distinguen tres autores: Trevor Jones (partituras orixinais para a película)
WAGNER, R.: **O anel dos Nibelungos ; Tristán e Isolda ; Missa pro defunctis**
OFF, Karl: **Carmina Burana**

Navegar:

Entra na Galería de personaxes través de **http://www.culturagalega.org/temadia_arquivo.php?id=6740**

A páxina do Instituto Cervantes sobre Cunqueiro http://cvc.cervantes.es/actcult/cunqueiro/

A poeta Ainize Txopitea explora as posibilidades da imaxe, a informática e a Rede para incorporalas á poesía. Da súa páxina extraemos estes exemplos do que ela chama "**Cartelería poética**". Máis interesante, mesmo, é a súa **Experimental Poetry**.



Concurso de inglés
Consulta as revistas na biblioteca



Magosto Quiz [by students in 3º E.O.I]

(Find the correct answer and reach the Finish)

Os da Escola de Idiomas, ándanlles explicando aos do "Comenius" (comeniuseu.com) que é o Magosto. A ver se os entendes ti?

EDUCACIÓN SEXUAL
NOVOS MATERIAIS NA BIBLIOTECA [selección]

Desde 12-13 anos

Berdún, Lorena : *¿Cómo le explico eso?* Temas de educación sexual desde cuestións que nos propoñen nenos de 5 anos en até adolescencia, todo en termos de preguntas e respostas e cunha linguaxe moi clara e cotiá.

Fernández, E. y Mústieles, D.: *Las mentiras de la sexualidad. Mitos y errores* . Mitos e erros máis frecuentes sobre sexualidade, anticoncepción, anatomía, relacións de parella, SIDA, e outros

Desde 15-16 anos

Bertomeu, Olga (2003) *Guía práctica de la sexualidad femenina* . Visión moderna desmitificadora da sexualidade feminina . Clarifica dúbidas e desmente falsidades. Expresión directa de fácil lectura .

Cristobal, Pilar. (2000). *El sexo contado con sencillez.* Trata temas de tipo fisiolóxico, emocional e de práctica entorno a sexualidade entendida en sentido amplo ...

Desde 17-18 anos

Sanz, F. (1990). *Psicoerotismo femenino y masculino.* Ofrece unha guía para a autoexploración e coñecemento das propias posibilidades eróticas e sexuais desde unha perspectiva psíquica e fisiolóxica gran cantidade e variedade de exercicios prácticos para o coñecemento da sexualidade.

Nais, pais e profes

Urruzola, MJ.: *Aprendiendo a Amar desde el Aula. Bilbao. Ed Maite Canal.* Libro para docentes que, grazas a súa estrutura sinxela e linguaxe fácil pode ser abordado por adolescentes de 14 anos en diante case de xeito autónomo.

Somers, L. & Somers, B.: *Como hablar a sus hijos sobre el amor y el sexo.* Ten numerosos exemplos de como intervir ante determinadas preguntas e situacións.

López Sánchez, F.: La *educación sexual de los hijos.* Proposta práctica combinando coñecementos teórico – informativos e estratexias útiles para abordar a educación sexual dos fillos. Os pais aprenderán a responder as preguntas comprometedoras de nenos e adolescentes.

Unha selección de libros sobre orientación sexual, con comentarios de **Carlos Malvar**, (orientador do Instituto) e a **Félix López Sánchez**, (profesor de psicoloxía da Universidade de Salamanca.)

Antonio Torres Gómez: Sinais (*Foto presentado ao 1º concurso de Fotografía Matemática celebrado no centro*

En forma de novela

Lienas, Gemma: *El diario rojo de Carlota.*

Martín, Andreu & Ribera, Jaume: *El diario rojo de Flanagan*

Tamén a clásica serie **McPherson & Macferlane** de *Diarios de moz@s maniátic@s.*

Anuncios e convocatorias

¿Tes fotos antigas de Lalín?

Para ambientarmos a historia "***O home do saco***"[1] de Gonzalo Navaza, necesitamos fotos onde aparezan rúas ou anacos de rúas do vello Lalín (décadas dos 50 e 60). Se sabes dalgunha e nola traes, escanarémola e devolverémoscha inmediatamente.

Rúa do Observatorio, na década dos 50

Anímate a colaborar e entrégallas á persoa de garda na Biblioteca ou á vicedirectora.

[1] *in* **Navaza, Gonzalo:** ***Erros e Tánatos.***

Obradoiro de Conta Contos

¿Queres aprender a contar contos?

Os luns de marzo, a Biblioteca organiza un obradoiro dirixido por Celso Fernández Sanmartín (*Celsiño*)

Inscrición gratuíta, prazas limitadas.

✓Técnicas de narración oral
✓Posta en escena da narración
✓Crear atmosfera e complicidade co público

Inscríbete na biblioteca (Mario) ou en Vicedirección (Mª Xesús).

No alboreo da mañá, a Marela abriu os ollos. Espreguizouse amodiño. Púxose de pé. Viu que todo era novo de arredor: as paredes, o estrume, a bufarra por onde entraba un retrinco de luz. "¿Estarei soñando?", dixo para si. Despois estarricou o fociño, ergueu a barbadela e ceibou un bruído longo: -Muuuuuuuuuu! Era como un aturuxo mañanceiro. Con el, espertou de vez e púxose a cavilar...

Así comeza ***A marela tarabela***, o relato de Xosé Neira Vilas [1] que nos presta o nome do boletín.

Puxémosllo, claro, como homenaxe ao mestre de Gres.

Pero tamén llo puxemos, porque non sempre vale aquilo de "Falou a vaca e dixo: mu"

A marela tarabela saúda a mañá e cavila.

A marela tarabela pregúntase, como Cunqueiro [2] , polos seus soños:

- Poliades, ¿que es lo que es mentira?

- Quizá todo lo que no se sueña, príncipe" (páx. 116)

A marela tarabela, como a vaca de Atxaga, [3] arrepónselle ao Pesado, cando este di que "ás vacas nos acompaña certa grandeza e que o resto do xénero animal queda bastante por debaixo nosa".

A marela tarabela, chámase Marela, así, con maiúscula, e nunca admitiría un deses nomes de robot que agora lles poñen ás vacas.

[1] Neira Vilas, Xosé: ***A marela tarabela***. Ed. Celta, 1976. Lugo.
[2] Cunqueiro, Álvaro: ***Las mocedades de Ulises***. Espasa, 1984.
[3] Atxaga, Bernardo: ***Memorias dunha vaca***. Ed. SM, 1999

Concurso: Falou a vaca e dixo mu

Nesta mesma páxina podes ler algunhas das razóns polas que este boletín se chama **A marela tarabela**.

Queremos máis. Queremos, polo menos, mil.

Déixanos a túa na Biblioteca e, boletín e boletín, irémolas publicando.

Todas as seleccionadas terán premio: unha viaxe a onde o Ulla bica as terras de Deza

Enredos

Xogos con mistos



Extrae catro mistos e deixa 4 cadrados pequenos



Move 6 mistos da estrela para formar 6 rombos

Se queres ver a solución ou buscar máis xogos, mira en: **NAVARRO, Àngels:** ***In?enio3: Retos de agudeza mental.*** El Aleph, 2004

Historia del rey transparente de R. Montero [Raquel López]

[Novela histórica]



É esta unha novela épica ambientada nun S. XII que, malia semellar un mundo moi afastado de nós, contén moitas das claves da nosa sociedade.

Leola, unha moza campesiña, narra en primeira persoa dunha forma clara, precisa e conmovedora, a súa vida desde que o seu señor feudal, chama a seu pai e seu irmán e ao seu mozo, para a guerra. Esa mesma noite, nun campo de batalla, colle a armadura dun cabaleiro morto e parte na busca de Jacques. O disfrace oculta a súa condición de muller, pero élle inútil por descoñecer o manexo das armas.

Encontra a Nyneve, unha meiga, que a conduce a Roland, quen lle ensina a pelexar. Preséntase, entón, a un torneo onde coñece á Dama Branca, coa que vive e tece amizade. Despois da despedida, convértese en Mercadora de Sangue. Certo día, nunha pousada, atopa ao alquimista Gastón de Vaslo, que será o seu acompañante, amante e, finalmente, traidor. Esa traizón condúceas ao castelo da Dama Negra, onde son condenadas á fogueira, pero conseguen fuxir. Durante unha semana refúxiansе na abadía de Fausse-Fontevrault e logo, instálanse nunha casa dun Montségur, a piques de ser asediado, integrándose nunha pequena *comunidade* cátara A guerra obrígaos a marchar aínda que na fuxida dispérsanse inesperadamente e o grupo de Leola refúxiase nunha fortaleza próxima á súa antiga casa. Descóbrenos e ante a inminente chegada das tropas inimigas, Nyneve e Leola beben un líquido que os conduce a Avalon, á felicidade eterna.

Montero, nárrao dunha forma clara, sincera e conmovedora, que consegue chegar e emocionar ao lector, combinando feitos históricos con elementos fantásticos de gran tradición literaria.

Como xa se dixo anteriormente, a historia sitúase na Idade Media mostrando a sociedade medieval que, no fondo é reflexo da actual: **a discriminación de da muller**, xa que Leola, ao querer ir buscar a Jacques, disfrázase de cabaleiro xa que así está máis protexida, signo evidente da debilidade e desigualdade de muller que aínda hoxe persiste aínda que moito menos. O tema da homosexualidade, móstrasenos a través de Dhuoda e Ricardo Corazón de León en diferentes perspectivas: a aceptación e o rexeitamento. Durante todo o relato, mostra un mundo de guerras entre señores, coa relixión ao fondo (a ortodoxia vaticana contra os cátaros) que, en certa medida, seguimos a vivir, aínda que non sexan "declaradas" (EE.UU, Iraq ; Palestina, Israel, extremistas musulmáns...). A Igrexa é presentada como perseguidora e mostra un clérigo ambicioso que non é tan puro. O amor e o desamor tamén están presentes e, como é lóxico, segue a persistir na nosa sociedade xunto con outras como a **ambición** (Gastón que as traizoa por diñeiro), a **marxinación** de persoas da sociedade dentro, incluso, do chamado "primeiro mundo" (Alina e León por ser enfermos e Filipo por ser estranxeiro).

A fantasía está presente en moitas ocasións na novela por medio de Nyneve, unha meiga que tamén exerce de curandeira e que introduce outros elementos fantásticos como a historia de Merlín, a quen di coñecer, e a mítica illa de Avalon, destino de Arturo. Ademais, o elemento máxico básico é o que lle dá o nome á novela: "historia do rei transparente", unha misteriosa historia da que descoñecemos o final, pero sobre a que pesa a maldición de que todo aquel que a conta morre de súpeto.

Montero, Rosa: ***Historia del Rey Transparente.*** *Anagrama, 2005.*

A paixón segundo S. Mateu de Bach [por Adrián Coego]

[Música]

A paixón segundo San Mateu é unha obras mestra do barroco e de todos os tempos. Bach dirixiu este coral, se cadra o máis espectacular xamais escrito, por primeira vez na igrexa de San Tomé de Leipzig, o día de Venres Santo de 1727. Superaba con moito a *Paixón segundo San Xoán*, estreada tres nos antes, a acabaría sendo considerada a máis monumental das súas obras. Non seu tempo, foron moitos os detractores que tivo, por considerárena impropia para un día tan sagrado, pero cando Félix Mendelssohn-Barthodoy a dirixe en Berlín, o 11 de marzo de 1829, xa non hai dúbidas: foi un concerto cualificado como histórico.

No tocante á súa estrutura formal, *A paixón segundo San Mateu* parte do *Evanxeo de San Mateu* con novos versos (escritos por Picander) para formar os recitativos. Dos sesenta e oito que configuran a partitura, na gravación que comentamos, podemos escoitar unha selección de dezaseis.

Sen dúbida é unha obra que non deixará indiferente a ninguén. Á mestría de Bach, únese a magnífica interpretación realizada por músicos de sona internacional.

A iso debemos engadir, a utilidade da guía de lectura para comprendermos mellor a obra: a súa finalidade primaria , o contexto histórico... son explicados con claridade. Algo imprescindíbel para apreciarmos e valorarmos debidamente a audición.

Bach, J. S.: ***Cantatas BWV 140 y 147 ; La pasión según San Mateo***. Deutsche Grammophon, 2005 (Gran selección, 4)